SUXESTIÓNS Ao 18.5.2025

SUXESTIÓNS:

- Dialogade sobre detalles concretos cos que manifestar o amor aos outros.

-Preguntádevos: se a medida para saber se son cristián é se amo, son bo cristián?

-Facede o propósito de participar máis na eucaristía para alimentar ese desexo de amar, compartir e ser “pan partido” para os demais.

-Preparamos unha ofrenda: dáselle a cada neno un adhesivo redondo e branca para que debuxen nela un corazón e o seu nome. No ofertorio colocámolas nunha cartolina cun corazón grande e dicimos: Xesús, ofrecémosche o noso agarimo representado nestes corazóns debuxados e con eles che decimo que nos imos querer moito.

-Ao final da eucaristía repartimos a cada un dos que veñen a misa un corazón decorado polos nenos. En casa poñémoslle o noso nome. O corazón grande é Xesús e o pequeno somos nós. Poñémolo na neveira e nalgún lugar vistoso para lembrar o Amor grande que Divos tennos, tan próximo e sinxelo…

VÍDEOS 5º PASCUA (Mandamento novo)

-Xoán 13,31-33a.34-35. O novo mandamento, película: https://www.youtube.com/watch?v=Tq8VlX4rjWQ

-O mandamento novo, película: http://youtu.be/m6fKhIkZXYQ -O mandamento novo, debuxos: http://youtu.be/tqh_LPlCU1ou

-Vivilo para compartilo, reflexión:
https://www.youtube.com/watch?v=Pz2ee4sgPf8

-Un novo estilo, reflexión:
https://www.youtube.com/watch?v=gewNsSsPK8I

-Vivirei contigo, reflexión: http://youtu.be/ztmx_TsS9B0

-O Mandamento Novo, canción de Javier Brú:
https://www.youtube.com/watch?v=Q8TR4ou-KZus

-Un mandamento novo, canción sinxela:
http://youtu.be/bguvjk6qkc8

-O mandato novo, canción para nenos:
https://www.youtube.com/watch?v=2TL6RdfaG0E

-O amor ao próximo, canto:
https://www.youtube.com/watch?v=wnJD7qPaVug

-Xesús e o mandamento do amor, marionetas:
https://www.youtube.com/watch?v=V3RDYOq-oyg

MESTRES DO AMOR

Ti quéresnos facer, Señor, mestres do amor.
Dis que niso notarase que somos a túa xente, en que amamos intensamente,
en que somos tolerantes e comprensivos,
en que non temos rancor nin resentimentos,
en que sabemos atopar o mellor do outro,
en que nos brotan os detalles de tenrura,
en que nos é fácil comprender,



en que sentimos empatía polas persoas,
en que non nos cae mal ninguén,
en que nos entendemos tamén cos inimigos,
en que non somos vingativos nin violentos,
en que falamos ben dos demais,
en que somos xustos e honrados como cidadáns,
en que coidamos o medio ambiente e a ecoloxía,
en que antepoñemos o ben de todos ao noso,
en que a nosa familia é máis que os nosos,
en que nada que lle ocorre ao outro nos deixa indiferentes,
en que tratamos como irmáns a todos os humanos.
Así nos queres Ti, Señor, fainos coma Ti.
Impulsa en nós o teu Amor para que vivamos
como auténticos discípulos teus.
Mari Patxi Ayerra.


Somos un invento del Amor
y hemos sido cread@s para amar,
para ser transmisores del amor.
-Ernesto Cardenal-